

ADOS PARTICIPA NO PROXECTO DE RECOLLIDA DE PLASMA HIPERINMUNE APOIADO POLA COMISIÓN EUROPEA

A Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS) participa no programa da Comisión Europea para a recollida de plasma hiperinmune procedente de persoas que teñen superado a COVID-19.

O programa europeo "*Application for an action grant to support increase capacity for the collection of COVID-19 convalescent plasma*" supón unha aportación económica de 201.125€ para que Galicia, por medio de ADOS, poda continuar a desenvolver un programa que xa iniciou, de xeito pioneiro, en maio do pasado ano.

Esta axuda forma parte dos 36 millóns de euros que a Comisión Europea destina a distintos proxectos de 14 estados integrados na Unión Europea e Reino Unido, e nos que toman parte ao redor de 150 centros mediante 24 proxectos. No caso de España, están a participar neste proxecto, ademáis de Galicia por medio da Axencia de Doazón de Órganos e Sangue; o BSTA de Aragón, o CCSTA de Asturias, o BIBE de Baleares, BSTC de Cantabria, o BST de Cataluña, CVTTH do País Vasco, o CT de La Rioja e o BSTN de Navarra.

